

Título: Ciencia e Tecnoloxía

Docentes: José Luis Calvo Rolle, Esteban Jove Pérez

Descrición xeral da materia:

Nesta materia abórdase, dende un punto de vista xeral, os distintos aspectos da ciencia e a tecnoloxía relacionados coa vida cotiá. Plantéxanse diferentes bloques temáticos que pretendan dar un enfoque global á historia da ciencia e a tecnoloxía, dende os primeiros descubrimentos ata as tendencias máis punteiras no panorama científico actual, pasando por materias como o panorama enerxético, a mobilidade eléctrica ou a intelixencia artificial.

Obxectivos:

Coñecer os diferentes fitos históricos relacionados coa ciencia e a tecnoloxía ata o día de hoxe.
Interiorizar os aspectos tecnolóxicos básicos relacionados coas actividades da vida cotiá.
Comprender a importancia de investigación científica como motor de avance da sociedade
Coñecer o panorama actual do ámbito científico/tecnolóxico e a súa perspectiva de futuro

Contidos:

Descubrimentos científicos máis relevantes.
A investigación como motor da sociedade.
O panorama enerxético actual.
A mobilidade eléctrica.
A intelixencia artificial aplicada á vida cotiá.
O futuro da ciencia e a tecnoloxía

Metodoloxía docente:

Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Realización dun traballo relacionada cunha temática exposta polo profesorado.

Fontes de información: Bibliografía e ligazóns de interese:

Jorge Mira (2011): A ciencia no punto de mira. Auga Editora
Pedro Gargantilla Madera (2018). Todo lo que hay que saber de ciencia. Pinolia